

# PREVENCIÓN = SAÚDE



Boletín para nais e pais

## A prevención na casa a mellor axuda

Boletín da Unidade Asistencial de Drogodependencias de Monforte  
Equipo de Prevención



# A importancia de usar recursos creativos e artísticos na infancia

Esta cita de Pablo Picasso convídanos a reflexionar, como pais e nais, acerca da importancia de ofrecer aos nenos e nenas recursos creativos artísticos para fomentar o artista que levan dentro.

Os nosos fillos e fillas, desde unha idade temperá, utilizan a arte como medio de expresión. E utilízano de maneira innata, aínda cando a mirada do adulto non é capaz de identificar o que queren expresar nese momento os nenos. Cun simple garabato están a expresarse e nós, os seus pais e nais, debemos saber observar e mesmo fomentar.

## Clasificación de las Artes



Cando falamos de arte, estamos a referirnos á habilidade de realizar algo, mediante a cal se interpreta o real ou se plasma o imaxinado con recursos plásticos, lingüísticos e sonoros.

O neno e a nena considera a arte como unha actividade na que, partindo das súas observacións e as súas propias experiencias, ponse de manifesto a percepción, o pensamento e os seus propios sentidos.

A aprendizaxe artística é, por tanto, unha parte integrante do seu proceso educativo, que se adquire a través da experimentación, coas sensacións e percepcións propiciadas pola estimulación dos sentidos.

Esta é unha actividade de vital importancia.

## CLASIFICACIÓN





Toda produción artística fomenta o desenvolvemento integral dos nenos e as nenas grazas ao:

- Desenvolvemento emocional
- Desenvolvemento cognitivo
- Desenvolvemento físico
- Desenvolvemento perceptivo
- Desenvolvemento social
- Desenvolvemento estético
- Desenvolvemento creador



A través dos seus debuxos, composicións ou construcións, o neno e a nena está a proporcionarnos unha parte de si mesmo: como pensa, como sente e como ve.

É unha forma de comunicar as súas ideas, emocións e experiencias persoais, desde un ambiente de confianza e seguridade e, ademais, gozando en todo momento.

**Contribúe, por tanto, ao desenvolvemento da intelixencia emocional.**





Ademais, aos pais e nais, ofrécenos unha información moi valiosa sobre a personalidade dos nosos fillos e fillas, as súas preocupacións, vivencias, inquietudes e a percepción das cousas, entre outros aspectos.

É evidente que non todos os nenos e nenas son capaces de expresar con palabras aquilo que pensan ou queren transmitir. Desta forma, a arte é un medio, para que os nosos fillos e fillas coñezanse a si mesmos, xa que fomenta a intelixencia intrapersonal.

A arte e a creatividade dificilmente, pódense abordar de forma illada; por iso, hai que potencialo nos nenos e nenas de maneira conxunta.

Ambos aspectos son, en definitiva e como indicamos máis arriba, un medio de interacción, comunicación e expresión de sentimentos e emocións que permite o desenvolvemento da intelixencia emocional nos nosos fillos e fillas; isto é así porque lles conduce a recoñecer as súas propias emocións, expresalas e plasmalas a través das artes plásticas, a expresión corporal e a música. Todo iso, fomenta o seu desenvolvemento integral.

**En resumo, a creatividade é algo que nace connosco, é dicir trátase dunha calidade innata que posúe todo ser humano.**

**Este proceso require da exteriorización persoal das experiencias e emocións, tanto de forma verbal, como non verbal.**



Como dixo Henri Matisse:  
Crear é expresar o que se ten dentro de si



Lembremos que tanto a arte, como a creatividade son un medio de interacción, comunicación e expresión de sentimentos e emocións que permite o desenvolvemento da intelixencia emocional dos nosos fillos e fillas porque lles conduce a recoñecer as súas propias emocións, expresalas e plasmalas a través das artes plásticas, a expresión corporal e a música.

**Todo iso, fomenta o seu desenvolvemento integral.**

Ademais, temos a certeza que axuda aos nenos e nenas que sofren ansiedade ou estrés porque lles serve de terapia. Ao ser capaces de pensar creativamente e manexar problemas, é menos probable que se estresen facilmente coas tarefas escolares.

Reducindo o estrés e a ansiedade:

- Terán unha mellor saúde mental
- Fortalecerán a súa autoestima e a autoconfianza
- Potenciarán a súa memoria
- Mellorarán a concentración



# Claves para desenvolver a creatividade dos nosos fillos e fillas

Agora ímonos a centrar en como desenvolver a creatividade nos nenos e nenas. E, para iso, imos compartir unha serie de tips para fomentar a súa creatividade.

Para potenciar a creatividade é necesario ofrecer recursos creativos artísticos acordes a unha serie de premisas:

1. Ter en conta os intereses do neno. Convidámosvos a escoitar as opinións dos vosos fillos e fillas, dándolles a liberdade de expresar as súas ideas ou de contar as súas experiencias. Se partimos dos intereses dos nenos e nenas, lograremos a súa atención, motivación e que se involucren positivamente. Estes intereses xeran emoción e sen emoción non hai aprendizaxe.

2. Respectar o ritmo de aprendizaxe. Potenciando a súa autonomía e proporcionándolle as ferramentas necesarias para chegar a ser independentes. Para iso, nós, os seus pais e nais, temos que ser guías da súa aprendizaxe, crear un clima adecuado e desenvolver un espazo creativo de aprendizaxe apropiada no fogar.

3. Favorecer unha aprendizaxe activa no que os nosos fillos e fillas sexan os protagonistas. A familia pode colaborar para pasar tempo con eles, pero deixándolles o seu espazo sen buscar a perfección daquilo que están a crear.

4. Ofrecer xogos e actividades. Para que aprendan a atopar diversas solucións para un mesmo problema. Ler e contar contos xéralles unha gran motivación: os contos divírtenlles e entreteñen, pero ademais potencian a súa capacidade creativa e imaxinación.

5. Convidar a comunicar o aprendido, mellorando a expresión emocional. Podemos animalos a expresar e transmitir a súa propia percepción da realidade, manifestando emocionalmente o que lles fixo sentir, conectando coa súa potencialidade ao ser coñecedores do que poden chegar a crear.





Se dotamos aos nosos fillos e fillas dos recursos creativos adecuados, contribuímos ao seu desenvolvemento cognitivo, motórico e emocional. Isto é así porque poderán expresarse a través do:

- Linguaxe plástica
- Linguaxe musical
- Linguaxe corporal

Ademais, incrementarán a súa imaxinación, a atención e a percepción daquilo que ven ou coñecen, co fin de recrear, crear e mesmo transformar a contorna.

A maioría dos nenos e nenas están felices e pasan un tempo agradable coas súas manualidades fomentando así a emoción por aprender. Se lle dás a un neno e unha nena unha variedade de recursos manuais (pinturas, ceras, plastilina, diversos tipos de papel...), é probable que vexas algo completamente único.

Ademais, aumenta a súa invención e aprenderán a tomar riscos e solucionar os problemas.

Por todo isto, animámosvos a desenvolver a capacidade creativa dos vosos fillos e fillas, estimulando a observación, a capacidade de explorar e desenvolver un sentido creativo que lles será útil para o resto das súas vidas.





# WhatsApp



# 604 059 719

**DÚBIDAS ?** *Pregunta e infórmate*

**Tabaco, alcol,  
outras drogas,  
condutas adictivas**

Facebook: UNIDAD ASISTENCIAL  
DE DROGODEPENDENCIAS DE MONFORTE



Suxerencias e comentarios:  
[uad@concellodemonforte.com](mailto:uad@concellodemonforte.com)

Se queredes poñervos en contacto  
connosco, estamos en:

UNIDADE ASISTENCIAL DE  
DROGODEPENDENCIAS  
SERVIZO DE PREVENCIÓN

Plaza da Estación - 17  
27400—Monforte de Lemos (Lugo)  
Nº Rex. C-27-000100

Facebook:

Unidad Asistencial de Drogodependencias  
Monforte de Lemos

TLF. 982 40 04 95



CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO  
GALEGO  
DE SAÚDE



UAD

UNIDADE ASISTENCIAL  
DE DROGODEPENDENCIAS  
MONFORTE DE LEMOS

Cando os nenos e nenas interactúan co medio, vivencian todo tipo de aprendizaxe (partindo da súa propia experiencia por medio dos sentidos), aprenderán que o mundo pode ser diverso, que hai cores e texturas, formas, sons, sensacións kinestésicas... En definitiva, que hai un campo de coñecemento novo.

En definitiva, a arte aumentará as capacidades intelectuais e emocionais dos nosos fillos e fillas, así como a comunicación entre pais, nais, fillos e fillas.

Ademais, os nosos fillos e fillas aprenden a coñecerse tanto exterior como internamente.

